



Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se amplía a resolución de 15 de novembro de 2021 de convocatoria do programa BIBLIOTECAS ESCOLARES SOLIDARIAS, no relativo as accións “Voluntariado de Lectura-A” e “Selo Biblioteca Escolar Solidaria” para o curso 2021/2022

Con data 15 de novembro de 2021, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos facía pública, a través do Portal Educativo, a resolución mediante a que se convocaban as diferentes accións integradas no programa Bibliotecas Escolares Solidarias, destinado aos centros públicos de nivel non universitario e de titularidade desta Consellería de Cultura, Educación e Universidade, para o curso 2021/2022.

O programa Bibliotecas Escolares Solidarias intégrase como iniciativa de voluntariado nos programas da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, dependente da Consellería de Política Social e contempla varias iniciativas que se resumen no seguinte cadro:

	Iniciativa	Finalidade	Características
1	Concesión do Selo “Biblioteca Escolar Solidaria”	Recoñecer bibliotecas que traballan de forma salientable a compensación de desigualdades e fomentan o voluntariado cultural entre os integrantes da comunidade escolar.	<ul style="list-style-type: none"> - Convocatoria anual. - Destinado ás bibliotecas dos centros de Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria, Bacharelato, ciclos formativos ou ensinanzas de réxime especial. - Presentación de memorias por parte dos centros interesados: 10 de maio de 2022. - Concesión dun máximo de 15 selos por curso escolar. - As candidaturas deberán responder aos obxectivos da Axenda 2030 da ONU, de desenvolvemento sustentable.
2	Voluntariado na biblioteca escolar (Secundaria)	Recoñecer as horas de voluntariado na biblioteca escolar, para o alumnado colaborador, mediante a emisión de diplomas de acción voluntaria correspondentes.	<ul style="list-style-type: none"> - Convocatoria anual. - Destinado a alumnado de Educación Secundaria, Bacharelato, ciclos formativos ou ensinanzas de réxime especial.. - Data límite de inscrición: 10/12/2021. - Data límite para remitir os datos do alumnado participante: 27/05/2022.
3	Voluntariado de lectura – A (Primaria)	Estimular o voluntariado cultural relacionado coa biblioteca e a lectura.	<ul style="list-style-type: none"> - Convocatoria anual. - Destinado a alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria. - Data límite de inscrición: 10/12/2021. - Data límite de presentación da memoria de actividades: 29/04/2022. - Seleccionaranse un máximo de 10 experiencias (segundo concreción en convocatoria complementaria en febreiro de 2022).





Vistas as necesidades observadas no desenvolvemento de dúas destas iniciativas, “Voluntariado de lectura – A” e Selo “Biblioteca Escolar Solidaria” cómpre ampliar a devandita convocatoria a efectos de concretar algúns aspectos da mesma.

Por todo o anterior, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, que coordina as intervencións da Consellería de Cultura, Educación e Universidade en materia de bibliotecas escolares e fomento da lectura en contexto educativo, dispón:

- **Apartado 1: Selo “Biblioteca Escolar Solidaria”**

1. O obxecto desta acción é recoñecer o traballo das comunidades educativas a prol dunha biblioteca escolar atenta ás necesidades de todos os seus integrantes en materia de lectura e de acceso ao coñecemento.
2. O apartado 2 da Resolución de 15 de novembro pola que se convoca o programa Bibliotecas Escolares Solidarias para o curso 2021/2022 recolle a posibilidade de acompañar a concesión do Selo “Biblioteca Escolar Solidaria” dun apoio económico.
3. Amplíase a devandita resolución co fin de concretar a asignación que poderá recibir cada unha das bibliotecas escolares que resulte recoñecida con este distintivo. Destínase un importe global de 22.500 € a esta iniciativa, con cargo á partida orzamentaria 10.31.423A.640.5, dos orzamentos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para o ano 2022.
4. Rematado o prazo de presentación de candidaturas para a obtención do Selo “Biblioteca Escolar Solidaria” correspondente ao curso 2021/2022, a comisión de valoración contemplada no apartado 2, punto 4, presentará unha proposta a esta dirección xeral para a concesión dun máximo de 15 selos, cunha asignación de 1.500 € por cada selo, que deberá destinarse a actividades da biblioteca escolar no ámbito da atención da diversidade, que faciliten avances na configuración dunha biblioteca inclusiva; así mesmo, esta asignación poderá destinarse a actividades da biblioteca escolar con implicación das familias, no contexto dos obxectivos da Axenda 2030 da ONU, de desenvolvemento sustentable.

- **Apartado 2. Voluntariado de lectura – A**

1. O obxectivo desta acción é estimular o voluntariado cultural en relación coa lectura entre o alumnado dos centros de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Universidade que matriculan alumnado de 5º e 6º cursos de Educación Primaria.





2. Amplíase a resolución de 15 de novembro de 2021, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, no referente a esta iniciativa, co fin de concretar, de conformidade co previsto no apartado 4.4.), o número de centros (un máximo de 10), seleccionados polo interese e calidade das súas actividades, unha vez vistas e valoradas as memorias de actividades que os 68 centros inscritos nesta iniciativa deberán enviar antes do 29/04/2022, así como as actividades coas que se premia a dinámica de traballo voluntario por parte do alumnado destes centros seleccionados.
3. Os centros seleccionados, finalmente, pola calidade das súas dinámicas de actuación, recibirán unha asignación de 600 euros para o desenvolvemento dun obradoiro especializado (que deberán versar sobre lectura expresiva, narración oral, escrita creativa, a radio como medio de comunicación, a elaboración de booktrailers, os xogos cooperativos e tradicionais ou a música e danza tradicionais), destinados a un grupo de alumnos e alumnas que tivesen ao longo do curso un papel protagonista (dentro do grupo de voluntarios e voluntarias), participando directamente no deseño e xestión de actividades na biblioteca escolar. En todo caso, será o equipo de biblioteca quen decida finalmente a configuración do grupo que participe nos obradoiros, dentro dos límites da propia actividade para un mellor aproveitamento.
4. Esta proposta intégrase como iniciativa de voluntariado nos programas da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. O alumnado directamente implicado e responsable das actividades de voluntariado de lectura e de atención á biblioteca escolar, de todos os centros inscritos no seu momento, recibirá un diploma pola súa colaboración como acción de voluntariado cultural, así como material divulgativo e de apoio ao programa.
5. Os gastos necesarios para o desenvolvemento desta iniciativa, xestionaranse a cargo da partida orzamentaria 10.31.423A.640.5, destinada a programas de atención á biblioteca escolar, por un máximo de 1.000 €, do orzamento xeral da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para o ano 2022.
6. A efectos de avaliación das memorias de actividades presentadas constituirase unha Comisión de Valoración, baixo a presidencia do Director Xeral de Centros e Recursos Humanos ou persoa en quen delegue, que estará integrada polos seguintes membros:
 - A Subdirectora Xeral de Centros.
 - O xefe do Servizo de Apoio Económico e Axudas ao Estudo.
 - A xefa do Servizo de Voluntariado e Participación, ou persoa en quen delegue.
 - As persoas asesoras responsables da Asesoría de





bibliotecas escolares na Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

- Un/unha funcionario/a da Subdirección Xeral de Centros, que actuará como secretario/a, con voz e sen voto.

A comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica especializada para os efectos de colaboración na valoración das memorias de actividades.

Esta comisión, revisadas as memorias presentadas, elaborará unha proposta provisional cun máximo de 10 centros, seleccionados polo interese e calidade das actividades realizadas ao longo do curso escolar. Á vista desta proposta da comisión, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos resolverá a convocatoria, que será publicada no Portal Educativo. Esta resolución será comunicada a través do correo electrónico a todos os centros participantes, e a partir dese momento iniciaranse os contactos cos centros seleccionados para organizar a realización, no propio centro, dun obradoiro específico tal e como se recolle no punto 3 deste mesmo apartado. A través da Asesoría de Bibliotecas Escolares, desde onde se realiza o seguimento do programa, recibirán información pertinente para levar a cabo esta actividade no centro (sempre antes do 10 de xuño de 2022).

Tal e como se recolle no apartado 4.5. da resolución de 15 de novembro de 2021, un centro non poderá ser seleccionado dous anos consecutivos, polo que aqueles centros seleccionados na convocatoria do curso 2020/2021, non aparecerán entre os centros galardoados. Recoméndase, aínda así, que se remitan as memorias de actividades correspondentes, a efectos de envío de modelo de diplomas para o alumnado voluntario.

7. Para a selección dos centros mencionados no apartado anterior valoraranse as memorias entregadas, en prazo e forma, cun máximo de 10 puntos en función dos seguintes aspectos:
 - Calidade, diversidade das actividades, grao de continuidade, así como coherencia en relación co obxecto da presente convocatoria (4 puntos).
 - Difusión das actividades a través da rede: blog da biblioteca, páxina web do centro ou doutros medios, ao longo do curso académico (0,5 puntos).
 - Grao de autonomía alcanzado polo alumnado na organización e desenvolvemento das actividades realizadas, que se detallarán na memoria (2,5 puntos).
 - Compromiso do profesorado responsable e implicación da comunidade educativa no seu conxunto, que se poñerá de manifesto na descrición da organización e funcionamento das actividades realizadas (1,5 puntos).
 - Número total de alumnos e alumnas implicados directamente nas actividades descritas, non como beneficiarios, senón como protagonistas activos no deseño, organización e desenvolvemento das actividades (1,5 puntos).





8. A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos poderá elaborar un breve informe que difundirá a través do portal educativo e doutros medios ao seu dispor e publicará información, así mesmo, sobre aquelas experiencias que merezan difusión pola calidade e repercusión das súas propostas, incidindo no alcance destas actividades na educación para a solidariedade e o espírito de voluntariado do alumnado galego, así como a súa contribución no desenvolvemento de competencias clave.

Santiago de Compostela, (sinatura dixital)

O Director Xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

